

Cambia os CD polos pronomes que correspondan en cada oración:

- Fixen unha empanada de zamburiñas.
- Comprei uns discos.
- Abre a porta da aula.
- Atoparon unhas moedas.
- Escoitamos atentamente as túas palabras.
- Chamei á miña nai por teléfono.

Substitúe os CI polos pronomes adecuados.

- Dixen a ti un segredo.
- Conta a verdade a teu irmán.
- Regalaron a Lola un disco.
- Dá aos avós as grazas.
- Explica o tema aos compañeiros.
- Enviarei a vós unha mensaxe.
- Entregarei a ti un agasallo.
- Prepararon a nós para a merenda.

Introduce nos ocos *te* ou *che*:

- Onte vin na piscina.
- Chamei por teléfono.
- Conteí este conto moitas veces.
- Non fixo caso.
- Escoitei atentamente.
- Esperei pero non chegaches.
- Mandeí unha mensaxe.

Sustitúe os CD e os CI polas contraccións que correspondan, coma no exemplo:

Dei a noticia a miña irmá. ----- Deilla.

- O escritor presentou a novela aos lectores.
- O avó conta un conto ao neto.
- Deron unha sorpresa a vós.
- Entregarei os exercicios á profesora.
- Conteí a noticia a André e a Aldara.
- Deixei o meu dicionario a ti.

- Empréstarei a miña bici a Lois.
- Direi a elas o que penso.
- Enviamos un correo electrónico a Noa.

Coloca no lugar adecuado o pronome átono que se indica entre paréntese.

- Quen dixo a solución do problema?
(CHE)
- Non dixen nada. (CHE)
- Quero que digas o que sucedeu. (ME)
- Traio o libro que pediches (ME)
- Sempre atopo na piscina (TE)
- Ninguén oíu chegar (TE)
- pedín ese libro na biblioteca. (LLE)
- Xa expliquei o contido. (CHE)
- Sabes ben que todos esperamos..... (TE)
- Nunca escoito cando chega. (O)

